

### 1. PREÁMBULO

A presente marcha cicloturista está organizada pola seguinte entidade:

- **ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA OS ESCARAVELLOS CLUBE CICLISTA – CIF G70537410.**

A proba desenvólvese en colaboración cos seguintes clubs:

- Club Ciclista Bicicletas Oliveira
- Club Ciclista Compostelano
- Club Ciclista BTT Ultraia
- Noitebra FC
- Cc botafumeiro
- Cc cidade de santiago

### 2. DEFINICIÓN

A **Marcha Cicloturista Eurovelo Compostela** é unha proba cicloturista de carácter **non competitivo**. Está catalogada como unha proba de "Ciclismo para todos" baixo a clasificación de **proba de velocidade controlada**.

- **Data:** 28 de xuño de 2026.
- **Hora de saída:** 9:00.
- **Lugar de saída:** Avenida Xoán XXIII, Santiago de Compostela.
- **Marco normativo:** A proba réxese polo disposto no Título XV (Ciclismo para todos) do regulamento da Unión Ciclista Internacional (UCI) e polo Título X (Regulamento de Ciclismo para Todos - C.P.T.) da Real Federación Española de Ciclismo (RFEC).

O percorrido discorrerá integramente por vías asfaltadas e contará con dúas modalidades de distancia:

- **Ruta Longa (90,92 Km)**
- **Ruta Curta (54,43 Km)**

### 3. PARTICIPACIÓN

A participación está aberta a todos os deportistas interesados, cun límite máximo de **3.000 participantes** por razóns de organización e seguridade. Os requisitos son:

- Ter os 16 anos cumpridos o día da proba (**condición indispensable**).
- Os participantes de 16 e 17 anos deberán entregar obrigatoriamente un **consentimento titorizado** (autorización asinada polo pai, nai ou titor legal) no momento de recoller o dorsal.
- É obrigatorio posuír unha licenza federativa do ano en curso expedida pola UCI ou organismos afiliados.
- Aqueles que **non estean en posesión** da citada licenza deberán subscribir obrigatoriamente a **licenza de un día**.

### 4. SEGUROS E LICENZA DE UN DÍA

Os únicos seguros válidos son os de accidentes e responsabilidade civil (RC) incluídos na licenza federativa da UCI ou na **licenza de un día** proporcionada pola Federación Galega de Ciclismo.

- **Cobertura Territorial:** Os participantes con licenzas non expedidas pola Federación Galega de Ciclismo deben verificar que o seu seguro conte con cobertura específica en Galicia (Provincia da Coruña e contorna de Santiago de Compostela).
- **Taxa da Licenza de un día:** Para os non federados, formalizarase a licenza correspondente cun custo de **15,00 €** a maiores da cota de inscrición.

### 5. SEGURIDADE

A proba desenvólvese baixo as normas de tráfico vixentes:

- **Casco:** O uso de casco protector homologado é obrigatorio. O seu incumprimento implica a expulsión inmediata.
- **Tráfico:** O percorrido está **aberto ao tráfico** ordinario. Os participantes son responsables das súas infraccións e deben circular sempre polo carril dereito; está prohibido circular polo carril esquerdo.
- **Teléfono móbil:** É obrigatorio portar un teléfono móbil con batería cargada para contactar coa organización (teléfonos de emerxencia indicados no dorsal).

### Reagrupamentos e Velocidade Controlada

Para garantir o control de velocidade e a viabilidade do evento, a marcha será controlada por un vehículo da organización. Realizaranse reagrupamentos de 30 minutos, que coincidirán coas zonas de avituallamento, nos seguintes puntos:

- **Ruta Longa:** Touro (KM 32,85) e O Pedrouzo (KM 69,25).
- **Ruta Curta:** O Pedrouzo (KM 32,55).
- **Corte Horario:** Todo participante que non pase polo KM 27,43 (punto de división de rutas) antes das 10:40 será desviado á ruta curta ou expulsado da proba. Aqueles que sexan superados polo vehículo de peche perderán a condición de participantes.

### Penalizacións

Serán obxecto de sanción as seguintes condutas:

- Non respectar o código de circulación ou as consignas de seguridade.
- Ensuciar ou degradar o itinerario arroxando desperdicios.
- Empregar vehículos de apoio propio.
- Comportamentos que impidan o normal desenvolvemento do regulamento.

As consecuencias inclúen a inclusión en listaxes públicas de sancionados, a prohibición de participar en futuras edicións e as posibles sancións das autoridades competentes.

## 6. CONDICIÓN FÍSICA

Ao inscribirse, o participante declara estar en condicións físicas óptimas e ter o dominio técnico necesario para afrontar a proba. A organización recomenda realizar un **recoñecemento médico previo** para descartar calquera anomalía incompatible co ciclismo.

## 7. INSCRICIÓN E SERVIZOS AO CORREDOR

A inscrición formalízase vía web en [eurovelocompostela.com](http://eurovelocompostela.com) e é persoal e intransferible.

Servizos incluídos coa inscrición:

- Dorsal e medalla *finisher*.
- **Perfil da ruta** e personal de seguridade.



- **Sábado 27 de xuño:** 16:00 a 20:00.
- **Domingo 28 de xuño:** 07:30 a 08:45.

## 11. PROGRAMA DE ACTIVIDADES

### Sábado 27 de xuño

- 16:00 - 20:00: Feira da bici e retirada de dorsais en Xoán XXIII.
- 18:00: Yincana (xogos de habilidade) para nenos/as de ata 12 anos (obrigatorio casco e bici propia).
- 20:00: Charla coloquio con exciclistas profesionais galegos e o **ciclista invitado á marcha**.

### Domingo 28 de xuño

- 08:00 - 15:00: Feira da bici en Xoán XXIII.
- 09:00: Saída da II Marcha Cicloturista.

## 12. PERCORRIDO E AVITUALLAMENTOS

- **Touro e O Pedrouzo (O Pino):** Puntos de avituallamento sólido e líquido (reagrupamentos).
- **Praza do Obradoiro:** Avituallamento líquido final tras cruzar a liña de meta situada na **Avenida Xoán XXIII**.

## 13. DEREITOS DE IMAXE E PROTECCIÓN DA SAÚDE

- **Imaxe:** Autorízase o uso da imaxe do participante en calquera formato (gráfico, dixital, rrs, etc.) con fins publicitarios sen compensación económica.
- **Saúde:** Proba suxeita aos controis da AEPSAD. Queda prohibida a participación de deportistas sancionados ou suspendidos por motivos de saúde no deporte.

## 14. CIVISMO E RESPECTO AMBIENTAL

Os participantes comprométese ao respecto co persoal e o medio ambiente. É obrigatorio o uso dos colectores situados nos avituallamentos; queda terminantemente prohibido tirar envoltorios na estrada.

